

Informe Técnico Sobre B

Subministración de Licenzas de Despregamento e Servizo de Uso de Software Antiplaxio

CPV 48000000

Paquetes de software y sistemas de información

Junio, 2020



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universida_de Vigo

ÍNDICE

1 Informe executivo	i
1.1 Información aportada polos licitadores	i
1.2 Análise dos criterios avaliables mediante xuízo de valor	i
1.3 Comentarios sobre a incorporación de documentación asociada aos criterios de adxudicación avaliables automaticamente	i
1.4 Conclusóns	ii
2 Análise dos criterios avaliables mediante xuízo de valor	iii
2.1 Requisitos Xerais	iii
2.1.1 Multiplataforma (Imp)	iii
2.1.2 Conectividade Web (Imp)	iii
2.1.3 Clientes (Imp)	iii
2.1.4 Manual de Usuario (Imp)	iii
2.1.5 Interfaz multi-idioma (Imp)	v
2.2 Cumprimento normativo	v
2.2.1 Protección de datos de carácter persoal (Imp)	v
2.2.2 Propiedade Intelectual (Imp)	vi
2.2.3 Seguridade (Imp)	vii
2.3 Requisitos asociados a integración	vii
2.3.1 Integración Moodle (Imp)	vii
2.3.2 Integración plataformas de autenticación (Imp)	viii
2.3.3 Integración plataforma de Xestión Académica do Consorcio (Imp)	viii
2.4 Requisitos Asociados a Administración de usuarios	viii
2.4.1 Xestión de usuarios (Imp)	viii
2.4.2 Xestión de usuarios distribuída (Imp)	ix
2.5 Requisitos Asociados a os Contidos	ix
2.5.1 Evaluación multi-idioma (Imp)	ix
2.5.2 Evaluación con fontes notro idioma (Imp)	ix
2.5.3 Xestión de contidos propios (Imp)	x
2.5.4 Proceso de incorporación de contidos (Imp)	x
2.5.5 Informe (Imp)	xi
2.6 Requisitos asociados á detección do plaxio	xi
2.6.1 Fontes externas (Imp)	xi
2.6.2 Fontes internas a organización (Imp)	xi
2.6.3 Fontes Internas a Plataforma (Imp)	xii
2.6.4 Resultado do proceso (Imp)	xii
2.7 Dereitos de uso (Imp)	xii
2.8 Licenzamento (Imp)	xii
2.9 Mantemento (Imp)	xiii
2.9.1 Mantemento evolutivo	xiii
2.9.2 Mantemento adaptativo	xiii
2.10 Soporte técnico (Imp)	xiii

2.11	Inicio da prestación do servizo	xiv
2.11.1	Migración de datos actuais (Imp)	xiv
2.11.2	Formacion usuarios actuais (Imp)	xiv
2.11.3	Planificación (Imp)	xv
2.12	Xestión do servizo	xv
2.12.1	Seguimiento (Imp)	xv
2.12.2	Fin do servizo / Plan de saída (Imp)	xv
2.13	Mantemento e soporte	xvi
2.14	Dispoñibilidade (Imp)	xvii
2.15	Rendimento (Imp)	xvii
2.16	Responsabilidade da empresa adxudicataria	xvii

3 Comentarios sobre a incorporación de documentación asociada aos criterios de adxudicación disponibles automáticamente

3.1	Integración con outras plataformas LMS (Des)	xix
3.2	Reportes e xestión de usuarios (Des)	xix
3.3	Reportes e xestión de usuarios (Des)	xx
3.4	Reportes e xestión de usuarios (Des)	xx



1 Informe executivo

1.1 Información aportada polos licitadores

Unha vez revisada toda a documentación presentada polas empresas licitadoras dentro do Sobre B, obxecto de análise, dentro desta fase do procedemento de licitación, tense observado que no seu conxunto as empresas licitadoras teñen atendido ao global de requirimentos e esixencias establecidas polos pregos, sendo posible a súa avaliación sen incidencias, cuestións limitadoras ou que impedisen a súa análise.

1.2 Análise dos criterios availables mediante xuízo de valor

A partir da análise da información aportada polos tres licitadores, revisáronse todos os epígrafes que conformaban os criterios imprescindibles identificados como availables mediante xuízo de valor. Durante este análise confirmouse que os licitadores indicados a continuación **cumpren con todos os criterios** imprescindibles:

- Turnitin LLC
- UAB ACVK

A empresa **Urkund / Prio Infocenter AB** cumple con todos os criterios imprescindibles identificados como availables mediante xuízo de valor, menos o indicado no epígrafe 5.1.4 do Prego de Prescripcións Técnicas (PPT), que requiría contar con manuais de administración, usuario e de integración ca plataforma Moodle en idioma castelán. Tal e como se pode observar no apartado 2.1.4, do presente documento, revisando toda a información aportada polo licitador non se encontran evidencias de contar cos manuais en castelán tal e como se solicitaba no PPT.

A análise detallada de todos os epígrafes que tiñan que ser avaliados encóntranse no apartado “2.Análise dos criterios availables mediante xuízo de valor”. A táboa resumo, con todo os puntos avaliados, atópanse no Anexo I do presente documento.

1.3 Comentarios sobre a incorporación de documentación asociada aos criterios de adxudicación availables automaticamente

Por outra banda, dentro do estudo realizado confirmouse que epígrafes que tiñan que ser incorporados, unicamente no Sobre C, por ser availables de xeito automático, foron incorporados no Sobre B. Dentro do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, na súa cláusula 26 apartado 26.3.B asociado ao Sobre B indícase explicitamente cales son os epígrafes que non deben ser incorporados ao Sobre B. Adicionalmente se indica: “*A documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan availables de forma automática mediante a aplicación de fórmulas non debe incluírse nos sobre que conteñan a documentación relativa aos criterios availables mediante un xuízo de valor. O incumprimento desta obligación dará lugar á exclusión do licitador.*”.

Nese sentido, no apartado 3 do presente documento amósanse tres epígrafes incorporados pola empresa **Urkund / Prio Infocenter AB** que non tiñan que formar parte do presente Sobre, senón do sobre C.

1.4 Conclusións

A partir da información presentada e logo da análise anteriormente presentada, se conclúa que procede propor a mesa de contratación que proceda a excluir a empresa **Urkund / Prio Infocenter AB** por non cumplir con todos os criterios imprescindibles e presentar información no Sobre B que tiña que ser aportada no Sobre C.

Asemade, as ofertas de Turnitin LLC e UAB ACVK, na medida en que dan cumplimento a todos os imprescindibles, acadaron cada unha delas a obtención de 1 punto e que, en consecuencia, proponse a mesa que se lle asigne dita puntuación no Sobre B.



D. Manuel Mosquera Viso

A faint watermark of the CIXUG 2020 logo is visible in the background, located at the bottom left of the page. It features the same stylized atom/molecular model icon and the text "CIXUG 2020" below it.

2 Análise dos criterios availables mediante xuízo de valor

2.1 Requisitos Xerais

2.1.1 Multiplataforma (Imp)

a) Prego prescricóns técnicas

5.1.1 Multiplataforma (Imp)

A plataforma de detección de plaxio deberá permitir o seu uso dende equipos informáticos que utilicen sistemas operativos Microsoft Windows, OSX e GNU/Linux, a través de navegadores web de maior uso, tales como: Mozilla Firefox, Google Chrome, Safari, Opera e Internet Explorer.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.1.2 Conectividade Web (Imp)

a) Prego prescricóns técnicas

5.1.2 Conectividade Web (Imp)

A plataforma de detección de plaxio deberá ser accesible utilizando un servizo HTTP ou HTTPS dende os equipos informáticos dos usuarios finais.

A interface da solución proposta deberá cumplir coa normativa en materia de accesibilidade WCAG 2.0 (Web Content Accessibility Guidelines).

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.1.3 Clientes (Imp)

a) Prego prescricóns técnicas

5.1.3 Clientes (Imp)

A plataforma de detección de plaxio deberá permitir o uso desta sen necesidade de realizar unha instalación dun software cliente na máquina do usuario para poder establecer a comunicación co servizo.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.1.4 Manual de Usuario (Imp)

a) Prego prescricóns técnicas

5.1.4 Manual de Usuario (Imp)

5.1.4.1 Imprescindible

A plataforma de xestión contará cun manual de administración, un manual de usuario e manual de integración con Moodle, en idioma castelán.

b) Análise técnico

Turnitin y ACVK cumplen co esixido.

Prio Infocenter, non cumple. Tal e como se pode observar no Prego de prescricóns técnicas, na súa cláusula 5.1.4, indicase que é imprescindible contar cuns manuais de administración, usuario e de integración con Moodle en castelán.

Na información achegada, no corpo do documento entregado, polo licitador, non se fai referencia explícita ao idioma utilizado nos manuais.

5.1.4 Manual de Usuario (Imp)

URKUND proporciona manuales y guías de usuario para facilitar su utilización a los diferentes perfiles de usuarios con acceso a la misma.

<https://www.urkund.com/es/soporte/guias-y-tutoriales/>

Nese mesmo apartado faise referencia a unha dirección URL (<https://www.urkund.com/es/soporte/guias-y-tutoriales/>) que ao abrila aparece a seguinte información:




The screenshot shows the 'Guías y tutoriales' section of the Urkund website. At the top, there's a navigation bar with the Urkund logo and a menu icon. Below the header, a banner reads 'Aquí encontrará ayuda más detallada sobre los distintos aspectos de Urkund.' The main content area is divided into two columns:

- Guías de usuario:**
 - Guía rápida del usuario sobre informes de análisis - nuevo diseño (en inglés)
 - Urkund Quick Start Guide (en inglés)
 - Guía de referencia sobre informes de análisis, diseño antiguo (en inglés)
 - Guía de buzón web, diseño antiguo (en inglés)
- Seminarios web para usuarios de Urkund:**
 - Introducción al usuario y tutorial - In English
 - Introducción al usuario y tutorial - Auf Deutsch
 - Introducción al usuario y tutorial - En Español
 - Introducción al usuario y tutorial - På Svenska

Below these sections, there's another column titled 'Para administradores' with links to 'Guías de usuario de Ursa Major (en inglés)' and 'Guías de usuario de Ursa Minor (en inglés)'.

Tanto nos apartados identificados como: "Guías de usuario", como "Para

administradores”, preséntanse varios documentos que poderían cubrir a necesidade solicitada, pero claramente indícase que devanditos documentos se atopan escritos en idioma inglés, aínda cando o título preséntase, en cinco do seis documentos visualizados, en idioma castelán. Ao abrir algún deles constátase que, efectivamente non están en idioma castelán, tal e como se pedía na PPT. A imaxe anexa corresponde ao documento identificado co nome: “Guía rápida del usuario sobre informes de Análise - nuevo diseño (en inglés)”.



Gárdanse copias do código html e dos pdfs mais relevantes como evidencia na cartafol do Sobre B do provedor.

2.1.5 Interfaz multi-idioma (Imp)

a) Prego prescriccóns técnicas

5.1.5 Interface multi-idioma (Imp)

5.1.5.1 Imprescindible

A interface deberá estar dispoñible en idioma castelán e inglés.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.2 Cumprimento normativo

2.2.1 Protección de datos de carácter persoal (Imp)

a) Prego prescriccóns técnicas**5.2.1 Protección de datos de carácter persoal (Imp)**

A empresa licitadora queda obrigada ao cumprimento do disposto pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, sobre protección de datos de carácter persoal, o Real Decreto – Lei 14/2019, de 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións e calquera outra normativa que sexa de aplicación.

O provedor da plataforma de detección de plaxio deberá garantir o cumprimento da lexislación europea vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, debendo indicar na súa oferta as medidas de seguridade adoptadas para ese efecto. As empresas licitadoras achegarán unha memoria descriptiva das medidas que adoptarán para asegurar a dispoñibilidade, confidencialidade e integridade dos datos manexados e da documentación facilitada.

O adxudicatario queda expresamente obrigado a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidese coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar ou empregar con fin distinto ao que figura neste prego, nin ceder a outros nin sequera para efectos de conservación, así como os relativos a contidos de traballos académicos ou de investigación.

Así mesmo deberán incluír na súa oferta, a designación da persoa ou persoas que, sen prexuízo da responsabilidade propia da empresa, estarán autorizadas para a relación co CIXUG para efectos do uso correcto do material e da información que se vai a manexar.

O CIXUG, e as universidades do SUG, incorporarán todas as medidas dispoñibles para retirar calquera referencia a datos persoais do alumnado. De ter que incorporar datos tanto do persoal administrativo, docente, investigador e/ou alumnado, o responsable e encargado do tratamento dos datos será o adxudicatario.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.2.2 Propiedade Intelectual (Imp)**a) Prego prescriccóns técnicas**

5.2.2 Propiedade Intelectual (Imp)

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do disposto pola Lei 2/2019, do 1 de marzo, pola que se modifica o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, e de calquera outra normativa que sexa de aplicación.

O provedor da plataforma de detección de plaxio deberá garantir o cumprimento da lexislación europea vixente en materia de Propiedade Intelectual, debendo indicar na súa oferta as medidas de seguridade adoptadas para ese efecto.

Neste sentido, considérase necesario, entre outras cuestións relacionadas con este cumprimento, indicar explicitamente que o contido dos ficheiros remitidos ao adxudicatario non será utilizado para outros fins diferentes ao da detección de plaxio nos ámbitos académicos e da investigación.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.2.3 Seguridade (Imp)

a) Prego prescriccións técnicas

5.2.3 Seguridade (Imp)

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do disposto na Directiva Europea 2016/1148 relativa ás medidas destinadas a garantir un elevado nivel común de seguridade das redes e sistemas de información na Unión, no Real Decreto-lexi 12/2018, de 7 de setembro, de seguridade das redes e sistemas de información, e calquera outra normativa que sexa de aplicación.

Neste sentido, requirirase, entre outras cuestións relacionadas con este cumprimento, indicar explicitamente o nivel de cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade e, no seu caso, a certificación que así o acredite.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.3 Requisitos asociados a integración

2.3.1 Integración Moodle (Imp)

a) Prego prescriccións técnicas

5.3.1 Integración Moodle (Imp)

A plataforma de detección de plaxio facilitará a integración coa plataforma soporte do CIXUG e os diferentes Campus Virtuais das Universidades do SUG, baseada, principalmente en Moodle v3.x. Deberase indicar claramente na oferta o procedemento de integración e as funcionalidades achegadas sobre Moodle en materia de detección do plaxio, entre as que se incluirá a detección de plaxio no compoñente de Tarefas de Moodle. O instrutor poderá seleccionar, entre os traballos subidos polo alumnado, cales desexa que sexan enviadas á plataforma antiplaxio para confirmar as súas similitudes e valorar, posteriormente, si existe plaxio.

A plataforma antiplaxio permitirá o envío dos documentos a ser avaliados dende a plataforma Moodle así como presentar, tanto a porcentaxe de similitudes, como o documento en formato pdf para a revisión do docente. Adicionalmente, dende a plataforma Moodle, o docente poderá entrar á plataforma antiplaxio e revisar e interactuar co documento para filtrar aqueles elementos asociados á súa análise, tales como o filtrado de referencias bibliográficas, citas, fontes onde detectase similitudes, entre outras interaccións permitidas pola plataforma.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.3.2 Integración plataformas de autenticación (Imp)

a) Prego prescriccóns técnicas

5.3.2 Integración plataformas de autenticación (Imp)

A plataforma deberá permitir a integración coas plataformas de autenticación propias do CIXUG e/ou das Universidades do SUG.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.3.3 Integración plataforma de Xestión Académica do Consorcio (Imp)

a) Prego prescriccóns técnicas

5.3.3 Integración plataforma de Xestión Académica do Consorcio (Imp)

A plataforma deberá ofrecer a posibilidade de integración coa aplicación de Xestión Académica do Consorcio (**Xescampus**), a través de elementos APIs ou Servizos Webs.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.4 Requisitos Asociados a Administración de usuarios

2.4.1 Xestión de usuarios (Imp)

a) Prego prescriccóns técnicas**5.4.1 Xestión de usuarios (Imp)**

A plataforma de detección de plaxio deberá facilitar a creación de novos usuarios e a xestión de diferentes perfís e permisos dos xa existentes. Estas tarefas deberán ser permitidas, tanto de maneira individual, como a través dun proceso por lotes que admite a creación masiva de usuarios.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.4.2 Xestión de usuarios distribuída (Imp)**a) Prego prescriccóns técnicas****5.4.1 Xestión de usuarios (Imp)**

A plataforma de detección de plaxio deberá facilitar a creación de novos usuarios e a xestión de diferentes perfís e permisos dos xa existentes. Estas tarefas deberán ser permitidas, tanto de maneira individual, como a través dun proceso por lotes que admite a creación masiva de usuarios.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.5 Requisitos Asociados a os Contidos**2.5.1 Evaluación multi-idioma (Imp)****a) Prego prescriccóns técnicas****5.4.1 Xestión de usuarios (Imp)**

A plataforma de detección de plaxio deberá facilitar a creación de novos usuarios e a xestión de diferentes perfís e permisos dos xa existentes. Estas tarefas deberán ser permitidas, tanto de maneira individual, como a través dun proceso por lotes que admite a creación masiva de usuarios.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.5.2 Evaluación con fontes notro idioma (Imp)**a) Prego prescriccóns técnicas**

5.5.2 Avaliación con fontes noutro idioma (Imp)

5.5.2.1 Imprescindible

A plataforma deberá poder confrontar documentos en idioma castelán con fontes en idioma inglés.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.5.3 Xestión de contidos propios (Imp)

a) Prego prescricións técnicas

5.5.3 Xestión de Contidos Propios (Imp)

5.5.3.1 Imprescindible

O provedor da plataforma de detección de plaxio deberá garantir que os contidos subidos polo CIXUG e/ou as Universidades do SUG poidan ser diferenciados do resto de contidos fornecidos pola plataforma. O CIXUG e/ou as Universidades do SUG terán a capacidade de autorizar ou non a utilización dos devanditos contidos por o resto da comunidade.

O provedor da plataforma de detección de plaxio estará obrigado a indicar o procedemento necesario para retirar/borrar calquera documento subido á plataforma e que sexa requirida a súa eliminación.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.5.4 Proceso de incorporación de contidos (Imp)

a) Prego prescricións técnicas

5.5.4 Proceso de Incorporación de Contidos (Imp)

5.5.4.1 Imprescindible

A plataforma de detección de plaxio facilitará o proceso de subida de múltiples documentos. Permitindo a entrega de documentos individuais, así como a subida de múltiples documentos nun único arquivo en formato comprimido tipo **ZIP ou similar**.

O servizo debe permitir a análise de documentos en diferentes formatos, sendo imprescindible que acepte os de uso máis frecuente en aplicacións de uso ofimático: **.txt, .pdf, .rtf, .doc, .docx, .odt, .ods, .odp, .xls, .xlsx, .ppt, .pptx e google docs**.

O provedor deberá garantir que o tamaño dos arquivos a valorar poida alcanzar, polo menos, un máximo de **40 MBytes e/ou 400 folios**.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.5.5 Informe (Imp)

a) Prego prescriccóns técnicas

5.5.5 Informe (Imp)

O servizo de detección de plaxio permitirá a consulta dos documentos remitidos á mesma por cada un dos usuarios, así como o informe que resulte da súa análise.

O devandito informe só poderá ser consultado polo instrutor que subiu o documento, así como tamén os documentos subidos polos alumnos a un exercicio e clase configurada polo devandito instrutor.

Só no caso de clases configuradas como mestras, o instrutor que xerou a clase, poderá ter acceso a todos os traballos subidos, tanto polos outros instrutores que participaron na devandita clase, como todo o alumnado que subise os documentos nesa clase mestra.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.6 Requisitos asociados á detección do plaxio

2.6.1 Fontes externas (Imp)

a) Prego prescriccóns técnicas

5.6.1 Fontes Externas (Imp)

5.6.1.1 Imprescindible

A plataforma de detección de plaxio deberá realizar a súa comprobación de orixinalidade respecto de fontes existentes de recoñecido prestixio, incluíndo editoriais españolas e internacionais.

Debe incluirse na oferta unha lista das fontes empregadas e contra as que se realizará o proceso de verificación de orixinalidade a partir das indicadas no **Anexo I** do presente documento. A solución deberá soportar, polo menos, 20 fontes de editoriais españolas e outras 20 internacionais como requisito mínimo de cumprimento.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.6.2 Fontes internas a organización (Imp)

a) Prego prescriccóns técnicas

5.6.2 Fontes Internas á Organización (Imp)

A plataforma deberá permitir a confrontación dos documentos cos que fosen subidos previamente á plataforma polo persoal co rol de instrutor ou estudiante pertencentes á comunidade do CIXUG e das Universidades do SUG.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.6.3 Fontes Internas a Plataforma (Imp)

a) Prego prescriccóns técnicas

5.6.3 Fontes Internas á Plataforma (Imp)

A plataforma deberá permitir a confrontación dos documentos analizados coa documentación subida por institucións académicas e de investigación do ámbito español e internacional na plataforma do provedor.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.6.4 Resultado do proceso (Imp)

a) Prego prescriccóns técnicas

5.6.4 Resultado do Proceso (Imp)

Os resultados da análise serán presentados ao instrutor para a súa visualización e descarga, polo menos, nos seguintes formatos:

- Documento orixinal
- Documento coa revisión de orixinalidade cos filtros configurados polo instrutor
- Certificado con selo de tempo, indicando día e hora de subirse o documento.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.7 Dereitos de uso (Imp)

a) Prego prescriccóns técnicas

6.1 Dereitos de Uso (Imp)

O provedor da plataforma de detección de plaxio comprométese a ofrecer o servizo baixo o modelo de SaaS (Na nube) concentrando o servizo nas actividades asociadas á análise de similitudes e detección de plaxio mencionadas ao longo de todos os documentos do presente prego.

Para efectos do modelo de contratación do servizo considéranse potenciais usuarios do servizo o persoal administrativo, docente e de investigación, así como tamén o alumnado da comunidade universitaria das Universidades do SUG.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.8 Licenzamento (Imp)

a) Prego prescricóns técnicas

6.2 Licenzas (Imp)

6.2.1.1 Imprescindible

O modelo de cobro por licenza limitarase ao número de licenzas asociadas ao **rol de Instrutor**. O requirimento é **de 7.500** licenzas para o **rol de Instrutor**. A actual plataforma, tamén, admite un máximo de **7.500** usuarios co **rol de estudiante** que serán considerados requisitos mínimos de cumprimento na licitación.

En ningún caso, poderase limitar o **número de consultas** efectuadas, nin o número de documentos **subidos** á plataforma.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.9 Mantemento (Imp)

2.9.1 Mantemento evolutivo

a) Prego prescricóns técnicas

6.3.1 Mantemento evolutivo

O provedor da plataforma de detección de plaxio comprométese a incorporar novas funcionalidades e entregalas ao CIXUG e as Universidades do SUG, a través do servizo SaaS dispoñible.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.9.2 Mantemento adaptativo

a) Prego prescricóns técnicas

6.3.2 Mantemento adaptativo

O provedor da plataforma de detección de plaxio comprométese a aendar a plataforma a calquera nova esixencia externa ao CIXUG e as Universidades do SUG, que sexan a consecuencia da aplicación de cambios na lexislación e normativas vixentes. Tendo especial atención ás asociadas a Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal, Lei de Propiedade Intelectual, as asociadas á ciberseguridade entre outras.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.10 Soporte técnico (Imp)

a) Prego prescricóns técnicas

6.4 Soporte técnico (Imp)

6.4.1.1 Imprescindible

O provedor da plataforma de detección de plaxio deberá asegurar o soporte técnico apropiado en idioma galego e/ou castelán, que permita aos administradores do CIXUG e/ou os representantes que inclúan as Universidades do SUG, interactuar co persoal técnico do provedor a través de plataformas de correo electrónico. A través deste medio, as persoas designadas poderán solicitar apoio en problemas específicos asociados ás funcionalidades da plataforma, ao borrado de documentos subidos, por erro, á plataforma, así como calquera outro apoio puntual que sexa requerido.

O provedor da plataforma de detección de plaxio tamén se compromete a ofrecer un portal de Preguntas e Respostas Frecuentes (FAQ) que permitan solucionar os problemas más habituais sen a necesidade de utilizar o servizo de correo electrónico.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.11 Inicio da prestación do servizo

2.11.1 Migración de datos actuais (Imp)

a) Prego prescripcións técnicas

6.5.1 Migración de datos actuais (Imp)

O provedor da plataforma de detección de plaxio deberá garantir que todos os documentos que, ata a data de culminación do actual contrato, fosen xestionados polo actual provedor do servizo, se atopen dispoñibles na nova plataforma. Tamén deberá garantir a replicación de todos os roles de administradores, instrutores e alumnado, así como as clases, exercicios e documentos que actualmente teñen dispoñibles os usuarios da comunidade universitaria na plataforma actual.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.11.2 Formacion usuarios actuais (Imp)

a) Prego prescripcións técnicas

6.5.2 Formacion usuarios actuais (Imp)

O provedor da plataforma de detección de plaxio que resultase gañador, deberá cubrir a formación de todos os usuarios que utilizan a plataforma actual e que alcanzan unha cifra próxima aos **7.000 usuarios**. O proceso de formación de todos os usuarios que actualmente utilizan a plataforma, nunca poderá superar os tres meses, contados a partir da data de sinatura do contrato e será virtual ou presencial nos sete campus das Universidades do SUG (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Vigo, Ourense e Pontevedra).

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.11.3 Planificación (Imp)**a) Prego prescriccóns técnicas****6.5.3 Planificación (Imp)**

O provedor da plataforma de detección de plaxio deberá incluír un cronograma de actuacións onde se indiquen todas as tarefas e fitos más relevantes asociados ao proceso de interacción no actual provedor para iniciar a migración dos datos, efectuar a dita migración, certificación da plataforma cos contidos migrados, o plan de formación dos actuais usuarios, a formación dos administradores na nova plataforma e a súa posta en producción.

A posta en producción, incorporando toda a información que debe ser migrada do provedor actual, nunca poderá levar máis dun mes a partir da firma do contrato.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.12 Xestión do servizo**2.12.1 Seguimiento (Imp)****a) Prego prescriccóns técnicas****6.6.1 Seguimiento (Imp)**

O provedor da plataforma de detección de plaxio deberá incorporar un rol de director de proxecto e/ou xestor de conta, así como tamén un plan de reunións que permitan facer un seguimiento do proceso de posta en producción da plataforma, así como tamén, do proceso seguimento operativo do servizo.

Deberanse identificar os indicadores de servizo más relevantes asociados a disponibilidade da plataforma, tempo de resposta, tempo de atención a fallas, tempo de atención a preguntas de soporte dos administradores da plataforma, así como tempos de solución de cada un dos anteriores.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.12.2 Fin do servizo / Plan de saída (Imp)**a) Prego prescriccóns técnicas**

6.6.3 Fin do servizo / Plan de saída (Imp)

O provedor da plataforma de detección de plaxio deberá describir na súa oferta o plan de saída a acometer na finalización da prestación do servizo. Este plan de saída debe garantir a devolución ao CIXUG e Universidades do SUG, de toda a información xestionada na plataforma, tanto derivada do período de vixencia do presente servizo, como a migrada na fase de inicio de prestación do servizo.

O plan de saída deberá contemplar, polo menos, as seguintes actividades:

- Cronograma do proxecto de desenganche
 - Non máis de catro semanas
- Información que deberá ser entregada
 - Deberá incluír información asociada a:
 - Documentos analizados coas porcentaxes de similitudes atopadas
 - Clases e Exercicios
 - Administradores, instrutores e alumnado
 - Datas asociadas aos diferentes eventos almacenados
 - Análise estatística de uso da plataforma.
- Formatos de devolución da información xestionada

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.

2.13 Mantemento e soporte

7.1 Mantemento e Soporte

En función da importancia, as incidencias trasladadas ao provedor serán clasificadas en:

- **Críticas**
 - Implican unha interrupción total do servizo
 - Non máis de dúas horas laborables de tempo de atención
 - Non máis de oito horas laborables de tempo de resolución.
- **Urxentes**
 - Impiden o funcionamento parcial de toda a plataforma
 - Impiden o funcionamento total de parte da plataforma
 - Existe unha degradación xeneralizada do servizo
 - Non máis de oito horas laborables de tempo de atención
 - Non máis de dous días laborables de tempo de resolución.
- **Ordinarias**
 - Existe unha degradación parcial do servizo
 - Existe algunha funcionalidade puntual fóra de servizo
 - Non máis de dous días laborables de tempo de atención
 - Non máis de tres días laborables de tempo de resolución.
- **Leves**
 - Calquera outra de baixo impacto tanto polo servizo, como polo número de usuarios afectados
 - Non máis de dous días laborables de tempo de atención
 - Non máis de cinco días laborables de tempo de resolución.

a) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.14 Dispoñibilidade (Imp)**a) Prego prescriccóns técnicas****7.2 Dispoñibilidade (Imp)**

A plataforma estará dispoñible as 24 horas do día e os 365 días do ano, permitindo a posibilidade de realizar actividades de mantemento previo informe ao administrador do contrato.

Fóra do tempo de mantemento preventivo, a plataforma deberá estar dispoñible non menos dun 98% do tempo.

O provedor da plataforma de detección de plaxio estará obrigado a informar, vía correo electrónico, ao Cixug e Universidades do SUG, de calquera degradación e/ou interrupción do servizo. Se a interrupción é planificada, deberá informar con tres días de anticipación da xanela de servizo seleccionada tentando que sexa fose do horario habitual de traballo.

O provedor tamén se obriga a informar, a penas identifique a degradación, incidencia ou problema da existencia do evento. Si descoñece o tempo necesario para a recuperación do servizo, deberá manter informado a través de correos electrónicos do estado da degradación e/ou interrupción, indicando, cando sexa posible a duración da devandita incidencia.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.15 Rendimento (Imp)**a) Prego prescriccóns técnicas****7.3 Rendimento (Imp)**

O provedor da plataforma de detección de plaxio deberá garantir tempos de análises de documentos acordes á complexidade do documento analizado. Esperando que, en ningún caso, o tempo necesario para efectuar o devandito análise supere o catro horas para os documentos que se atope ao límite do tamaño indicado no apartado 5.5.4 do presente documento. O 90% dos documentos valorados deberán presentar os seus resultados en, non máis de, 30 minutos.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumpren o requisito esixido.

2.16 Responsabilidade da empresa adxudicataria**a) Prego prescriccóns técnicas**

8 Responsabilidade da empresa adxudicataria


No que se refire a termos xerais na prestación de servizos, a empresa adxudicataria debe cumplir os requisitos impostos neste Prego e no Prego de Cláusulas Administrativas do presente concurso, incluíndo os relativos a protección de datos, confidencialidade, ciberseguridade e propiedade intelectual.

No marco do presente servizo, a empresa adxudicataria comprométese a:

- Designar a un interlocutor co CIXUG e coas Universidades do SUG, para labores de coordinación global, así como interlocutores con responsabilidade sobre a prestación de cada un dos servizos descritos.
- Usar os recursos que o CIXUG e as Universidades do SUG poñan a súa disposición cos fins exclusivos que se describen neste documento.
- Realizar un seguimiento da prestación do servizo, achegando evidencias en forma de indicadores, do cumprimento de niveis de servizo.
- Comunicar con antelación mínima aqueles cambios que poidan producirse no marco do presente servizo.

b) Análise técnico

As tres empresas licitadoras cumplen o requisito esixido.



3 Comentarios sobre a incorporación de documentación asociada aos criterios de adxudicación disponibles automáticamente

No prego de Cláusulas Administrativas Particulares, na súa cláusula 26 asociada á información a ser incorporada no Sobre B se indica:

A documentación que se haberá de incluír no presente sobre é toda aquela que xustifique os distintos criterios de adxudicación, con excepción da documentación relativa á oferta económica e aos criterios deseables dos epígrafes 5.1.4, 5.1.5, 5.1.6, 5.1.7, 5.3.4, 5.4.3, 5.5.1, 5.5.2, 5.5.3, 5.5.4, 5.6.1, 6.2, 6.5.4 e 6.6.2. **Estes últimos haberán de incluirse no sobre C.**

Tamén se indica no mesmo folio:

A documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan disponibles de forma automática mediante a aplicación de fórmulas **non debe incluirse** nos sobres que conteñan a documentación relativa aos criterios availables mediante un xuízo de valor. O incumprimento desta obrigación dará lugar á exclusión do licitador.

Este requerimento foi contrastado coa información presentada polos tres licitadores atopándose que a empresa Turnitin e ACVK, non incorpora explicitamente información asociada ao criterios de adxudicación availables automaticamente. No caso da empresa Prio Infocenter, confirmouse que incorporan unha serie de epígrafes que non tiñan que ser incorporados no sobre B. A continuación, indícanse todos aqueles epígrafes incorporados na documentación presentada polo licitador e que non deberían haberse incluído:

3.1 Integración con outras plataformas LMS (Des)

a) Prego prescriccóns técnicas

5.3.4 Integración con outras plataformas LMS (Des)

Valorarase positivamente a posibilidade de integración con outras plataformas, tales como Canvas, Blackboard, FirstClass, Saba, entre outros.

b) Información presentada polo licitador

5.3.4 Integración con otras plataformas LMS (Des)

URKUND permite la integración con una gran variedad de LMS. URKUND también permite la integración simultanea con tanto LMS como requieran los clientes. La opción de integrar un LMS y el acceso a través de API simultáneamente también es posible.

La siguiente tabla recoge las integraciones con las que cuenta URKUND.

3.2 Reportes e xestión de usuarios (Des)

a) Prego prescriccóns técnicas

5.4.3 Reportes e xestión de usuarios (Des)

Valorarase positivamente a posibilidade de xerar reportes en formatos pdfs, ou directamente en pantalla, de todos os usuarios rexistrados, dos usuarios con contas definidas pero sen darse de alta, dos usuarios dados de alta, entre outros filtros que poidan ser descritos polo provedor.

Adicionalmente, valorarase positivamente que a xeración de reportes permita o filtrado por varios campos, incluíndo centros, estado das contas, así como a posibilidade de ordenar a dita información por calquera dos campos dispoñibles.

Valorarase positivamente a posibilidade de xerar estatísticas de uso por departamento, por instrutor e por calquera outro campo que permita o provedor.

b) Información presentada polo licitador

5.4.3 Reportes y gestión de usuarios (Des)

URKUND permite visualizar en pantalla, así como exportar en formato CSV, un listado de todos los usuarios existentes en la plataforma, los documentos enviados, los informes generados, etc.

Si se definen grupos como, por ejemplo, los basados en facultades o departamentos, se pueden extraer datos de usuarios, documentos e uso en base a estos grupos.

3.3 Reportes e xestión de usuarios (Des)

a) Prego prescriccóns técnicas

6.5.4 Formación usuarios novos (Des)

Valorarase positivamente a realización de sesiós formativas, tanto en formato presencial, como online e/ou teleformación. Esta formación deberá ser dirixida aos diferentes perfís de administrador, instrutores e alumnado. Podendo diferenciar os medios de difusión dende formación presencial para administradores, por ser grupos máis reducidos, ata vídeos para o caso da formación masiva de instrutores e alumnado.

O material dispoñible deberá estar en idioma castelán e valorarase positivamente contar con el en idioma galego.

b) Información presentada polo licitador

6.5.4 Formación usuarios nuevos (Des)

URKUND se compromete a realizar hasta dos sesiones virtuales de dos horas cada una, en cada semestre, durante toda la duración del contrato. Si no existen restricciones de viajes entre Suecia y España, URKUND se compromete a realizar una sesión presencial anual en la localización que el CIXUG convenga. Esta sesión puede ser tanto a administradores como a profesores o *superusers*.

La formación se realizará en castellano o en inglés, a elección del CIXUG en cada momento.

3.4 Reportes e xestión de usuarios (Des)

a) Prego prescricións técnicas


6.6.2 Roadmap (Des)

Valorarase positivamente a presentación por parte do provedor do plan de incorporación de novas funcionalidades e melloras da plataforma cunha frecuencia non maior a seis meses.

b) Información presentada polo licitador

6.6.2 Roadmap (Des)


URKUND trabaja en el desarrollo de herramientas que ayuden a prevenir que los estudiantes compran los trabajos a empresas dedicadas a la venta de éstos (*contract-cheating*, en inglés). El auge de estos servicios (véase <https://www.lavanguardia.com/vida/20200121/472931847984/boom-webs-venden-trabajos-universitarios-tfg-tfm.html>) es una amenaza al sistema educativo.



Anexo I

Táboa Resultados Análise Técnico

A análise detallado de cada un dos elementos recollidos na seguinte táboa encóntrase no corpo do presente documento.



Epígrafe	Descripción Requisito	Sobre B		
		Turnitin	Prio Infocenter	ACVK
Total		1,00	-	1,00
Sobre B	Cumprimento Mínimo	1,00	-	1,00
Imprescindibles		1,00	-	1,00
5 Funcionalidades Requeridas				
5.1 Requisitos Xerais				
5.1.1 Multiplataforma	Imprescindible	Si	Si	Si
5.1.2 Conectividade Web	Imprescindible	Si	Si	Si
5.1.3 Clientes	Imprescindible	Si	Si	Si
5.1.4 Manual de Usuario				
Manual de Administración en Castelán	Imprescindible	Si	Non	Si
Manual de usuario en Castelán	Imprescindible	Si	Non	Si
Manuais de instalación API	Desexable			
Manuais de instalación Servicios Web	Desexable			
Manuales de Int. con outros LMS	Desexable			
Manuais en Galego	Desexable			
5.1.5 Interface multi-idioma				
Interface en Castelán e Inglés	Imprescindible	Si	Si	Si
Interface en Galego	Desexable			
5.1.6 Materiais para a formación				
Fontes alternas de formación	Desexable		Non	
5.1.7 Aplicacións para a Movilidade				
Uso de dispositivos móveis	Desexable		Non	
5.2 Cumprimento normativo				
5.2.1 Protección de datos de carácter persoal	Imprescindible	Si	Si	Si
5.2.2 Propiedad Intelectual	Imprescindible	Si	Si	Si
5.2.3 Seguridade	Imprescindible	Si	Si	Si

Epígrafe	Descripción Requisito	Sobre B			
		Resultados	Turnitin	Prio Infocenter	ACVK
5.3	Requisitos Asociados a integración				
5.3.1	Int. Moodle	Imprescindible	Si	Si	Si
5.3.2	Int. plataformas de autenticación	Imprescindible	Si	Si	Si
5.3.3	Int. plataforma de Xestión Académica do Consorcio	Imprescindible	Si	Si	Si
5.3.4	Int. con outras plataformas	Desexable		Non	
5.4	Requisitos Asociados a Administración de usuarios				
5.4.1	Xestión de usuarios	Imprescindible	Si	Si	Si
5.4.2	Xestión de usuarios distribuída	Imprescindible	Si	Si	Si
5.4.3	Reportes e xestión de usuarios	Desexable		Non	
5.5	Requisitos Asociados a os Contidos				
5.5.1	Avaliación multi-idioma				
	Aceptar documentos orixinalmente escritos nos seguintes idiomas: galego, castelan, inglés, portugués, italiano, francés e alemán.	Imprescindible	Si	Si	Si
	Aceptar documentos orixinalmente escritos en outros idiomas. (0,25 x idioma aceptado)	Desexable			
5.5.2	Avaliación con fontes noutro idioma				
	Confrontación Castelan a Inglés	Imprescindible	Si	Si	Si
	Confrontación Galego a Inglés	Desexable			
	Confrontación Galego, Castelan con outros idiomas (0,25 x Idioma confrontable)	Desexable			
5.5.3	Xestión de Contidos Propios				
	Contidos subidos por CIXUG e/ou polas Universidades do SUG	Imprescindible	Si	Si	Si
	Actividade de borrado con Superadministrador con reportes de documentos borrados para funcións de seguimento e auditoría	Desexable			
5.5.4	Proceso de Incorporación de Contidos				
	Multiformatos detallados en PPT (5.5.4.1)	Imprescindible	Si	Si	Si
	Tamaño de arquivos de, o menos, 40 MBytes e/ou 400 folios	Imprescindible	Si	Si	Si
	Soportar outros formatos. (0,25 por cada formato soportado en adición)	Desexable			
	Conectividade con servizos na Nube para subir documentos. (0,25 x Servicio)	Desexable			
	Tamaño de arquivos superiores a 40 MBytes (0,10 x cada MBytes adicional admitido)	Desexable			
	Tamaño de arquivos superiores a 400 folios. (0,5 x cada 100 folios adicionais)	Desexable			
5.5.5	Informe	Imprescindible	Si	Si	Si

Epígrafe	Descripción Requisito	Sobre B		
		Turnitin	Prio Infocenter	ACVK
5.6	Requisitos Asociados a Detección do Plaxio			
5.6.1	Fontes Externas			
	O menos 20 fontes bibliográficas Españolas e 20 fontes bibliográficas internacionais.	Imprescindible	Si	Si
	Máis de 20 fontes bibliográficas Españolas. (0,20 x cada fonte adicional)	Desexable		
	Máis de 20 fontes bibliográficas Internacionais (0,20 x cada fonte adicional)	Desexable		
5.6.2	Fontes Internas á Organización	Imprescindible	Si	Si
5.6.3	Fontes Internas á Plataforma	Imprescindible	Si	Si
5.6.4	Resultado do Proceso	Imprescindible	Si	Si
6	Servizos Requeridos			
6.1	Dereitos de Uso	Imprescindible	Si	Si
6.2	Licenciamiento			
	7500 licenzas de instrutor para PDI e PAS	Imprescindible	Si	Si
	Plataforma admite, polo menos, 7500 estudiantes	Imprescindible	Si	Si
	Sen limitación de consultas nin documentos subidos	Imprescindible	Si	Si
	Plataforma admite máis de 7500 estudiantes. (0,10 x cada 100 estudiantes adicionais)	Desexable		
6.3	Mantemento			
6.3.1	Mantemento evolutivo	Imprescindible	Si	Si
6.3.2	Mantemento adaptativo	Imprescindible	Si	Si
6.4	Soporte técnico	Imprescindible	Si	Si
6.5	Inicio da prestación do servizo			
6.5.1	Migración de datos actuais	Imprescindible	Si	Si
6.5.2	Formación usuarios actuais	Imprescindible	Si	Si
6.5.3	Planificación	Imprescindible	Si	Si
6.5.4	Formación			
	Formación presencial ou virtual (Online)	Desexable		Non

Epígrafe	Descripción Requisito	Sobre B			
		Resultados	Turnitin	Prio Infocenter	ACVK
6.6	Xestión do servizo				
6.6.1	Seguimento	Imprescindible	Si	Si	Si
6.6.2	Roadmap				
	Plans de incorporación de novas funcionalidades.	Desexable		Non	
6.6.3	Fin do servizo / Plan de saída	Imprescindible	Si	Si	Si
7	Niveis de Servizo				
7.1	Mantenemento e Soporte	Imprescindible	Si	Si	Si
7.2	Dispoñibilidade	Imprescindible	Si	Si	Si
7.3	Rendemento	Imprescindible	Si	Si	Si

